



BOP

LUNS, 29 DE XANEIRO DE 2024

N.º 024

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

ACTAS DE ENTREGA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ESTRADAS PROVINCIAIS A FAVOR DE DISTINTOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE LUGO.

En virtude do artigo 18.8 do Decreto 66/2016 de 26 de maio polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, procédese a publicar a relación de actas de entrega de cambios de titularidade de estradas provinciais asinadas entre a Deputación Provincial de Lugo e os distintos concellos da provincia.

- ACTA DE ENTREGADOS TREITOS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS LU-P-2202 "PEDREIRA(LU-861)-CASANOVA (LU-540A)" ENTRE O PQ 1+220 E O PQ 1+920, E DA LU-P-2215 "ROUPAR (LU-P-2202)-A TORRE", ENTRE O PQ 0+000 E 0+082 A FAVOR DO CONCELLO DE XERMADE ASINADA O 13 DE OUTUBRO DE 2023.

- ACTA DE ENTREGA DO TREITO DA VÍA PROVINCIAL PROVINCIAL LU-P-1207 "CASTROVERDE-GOMEAN (N-VI) TRAMOS ANTIGOS" DE LONXITUDE TOTAL 247M A FAVOR DO CONCELLO DE O CORGO ASINADA O 18 DE OUTUBRO DE 2023 BAIXO O CSV IV7P2GZILIUJIRMMTX6C7ZJVMA.

Lugo, 23 de xaneiro de 2024.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0214

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Logo de aprobar por Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 18 de xaneiro de 2024, as bases e a convocatoria para a contratación, en réxime de persoal laboral temporal, de 8 prazas de operario/as de servizos múltiples, a xornada completa, durante un período de 6 meses de duración, no marco do Programa de Reforzo do Emprego 2024, financiado pola Deputación Provincial de Lugo, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de dez días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Antas de Ulla, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres, ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presente fóra do rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax (982379100) ou ao correo electrónico concello.antasdeulla@eidolocal.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

Requisitos: os establecidos nas bases das convocatorias que se atopan a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>).

Antas de Ulla, vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e catro.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 0215

Anuncio

Logo de aprobar por Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 18 de xaneiro de 2024, as bases e a convocatoria para a provisión dunha praza de arquitecto/a, funcionario/a interino/a, do Concello de Antas de Ulla, a media xornada, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de dez días naturais a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Antas de Ulla, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres, ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presente fóra do rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax (982379100) ou ao correo electrónico concello.antasdeulla@eidolocal.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

Requisitos: os establecidos nas bases das convocatorias que se atopan a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Antas de Ulla (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>).

Antas de Ulla, vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e catro.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 0216

BARREIROS

Anuncio

No pleno do 22 de xaneiro de 2024 aprobanse inicialmente o Regulamento especial de honras e distincións do concello de Barreiros.

Sométese o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán formular as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas.

Barreiros, 23 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0217

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 22/01/2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Novembro da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 22/03/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos,

obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a existencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 18 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Manuel Martínez Núñez.

R. 0218

BEGONTE

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL.

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2024, a modificación da plantilla de persoal deste concello, de conformidade co disposto no artigo 126 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local – aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 169 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais – aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles – contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia – aos efectos do seu exame e presentación das reclamacións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Begonte, 23 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Presidente. José Ulla Rocha.

R. 0219

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2024-2026

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na Sesión Extraordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2024, o Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles – contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín oficial da Provincia – aos efectos do seu exame e presentación das reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Begonte, 23 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Presidente. José Ulla Rocha.

R. 0220

Anuncio

Dando cumprimentoaodisposto no **art. 75.5, da Lei 7/1985,de 2 de abril**, Reguladora de Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión extraordinaria de data 23 de xaneiro de 2024, adoptouse o seguinteacordo sobre determinación de retribucións dos membros da Corporación:

Primeiro.- Establecer as seguintesdedicacións e nas contías que se citan: Dedicación parcial do 25% a prol da concelleira-delegada Dña. Sonia Varela García: Retribución bruta de 9.030,00 €/ano, distribuídas en 645,00 €/mes e 14 pagas (12 ordinarias e 2 extraordinarias).

Segundo.- A retribución establecida devengarase no presente exercicio, con efectos retroactivos do día 1 de xaneiro de 2024, sendo actualizada anualmente e con efectos do primeiro de xaneiro de cada exercicio, nun importe igual ao que se estableza no seu caso nos orzamentos xerais do Estado como incremento das retribucións do persoal e sen superar en ningún caso os límites anuais establecidos para os cargos electos.

Terceiro.- Publíquese este acordo nos lugares e na forma prevenida polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e no art. 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O que se fai público para xeralcoñecemento e efectos oportunos.

Begonte, 23 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0221

BURELA

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE CINCO (5) PRAZAS DE COIDADORES/AS DE COMEDOR, COMO PERSOAL LABORAL FIXO DESCONTINUO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 23/01/2024 ditouse resolución nº 2024-0050 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 21/12/2023 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2023-1261 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo descontinuo, xornada a tempo parcial, de cinco (5) prazas de “COIDADORES/AS COMEDOR”, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 296 de 28/12/2023, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos.

Vista a documentación presentada por Lucía Pedrido Rodríguez, DNI ***7308**, aspirante excluída provisionalmente por falta de documentación e subsanado o defecto que motivou a exclusión provisional.

Vista a documentación presentada por María Salomé Fernández Martínez, DNI ***9354**, aspirante excluída provisionalmente por falta de documentación e subsanado o defecto que motivou a exclusión provisional.

De conformidade coas bases da convocatoria, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI
Raquel Bermúdez Basanta	***8094**
María Carmen Casas Rego	***9183**
María Salomé Fernández Martínez	***9354**
María Dolores Pedre Pena	***9185**
Lucía Pedrido Rodríguez	***7308**
Genoveva Pernas Ben	***6399**
Concepción Del Carmen Vázquez Mata	***2772**

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Janet Erika Márquez Guzmán	***2509**	1,2

Causas de exclusión:

1.-Non achegar certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos

2- Non acreditar estar en posesión do curso básico de primeiros auxilios.

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A.-

Titular: D^a. María Consuelo Cartoy Veiga. Traballadora Social do Concello de Burela.

Suplente: D^a Julia Vega Cartoy. Traballadora Social do Concello de Barreiros.

VOGAIS.-

Titular: D^a. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

Suplente: D^a. María Yolanda Otero Eijo. Técnica da Emprego do Concello de Burela.

Titular: D^a. María Rocio Valle Fraga. Avogada do Centro de Información á Muller do Concello de Burela

Suplente: D^a Alma María Varela Díaz. Recepcionista-telefonista do Concello de Burela.

Titular: D^a. Concepción Pernas Díaz. Psicóloga do Programa de Atención ao Inmigrante do Concello de Burela.

Suplente: D^a María Marcelina González Pernas. Auxiliar administrativo do Concello de Burela.

SECRETARIO/A.-

Titular: D. José Manuel Ferreira López. Director do Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela.

Suplente: D. Jaime Méndez García. Directo da Casa da Xuventude do Concello de Burela.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 20 de febreiro de 2024, martes, ás 9:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Burela, 24 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino”

R. 0222

A POBRA DO BROLLÓN*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente administrativo de modificación de créditos, expediente 585/2023 do orzamento do Concello da Pobra do Brollón para o ano 2023 ó non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público (BOP N° 298 do 30/12/2023), en aplicación do disposto nos artigos 169, 170, 171 e 179 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais e R.D. 500/90 de 20 de abril, faise público que despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do orzamento de gastos e ingresos queda da seguinte forma:

Orzamento de gastos		Orzamento de ingresos	
Capítulo		Capítulo	
1	1.721.793,60	1	671.000,00
2	929.669,24	2	30.000,00

3	34.200,00	3	419.000,00
4	62.950,00	4	1.360.808,08
5	0,00	5	2.000,00
6	971.933,30	6	0,00
7	205.000,00	7	448.668,54
8	8.400,00	8	1.092.469,52
9	90.000,00	9	0,00
TOTAL	4.023.946,14	TOTAL	4.023.946,14

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito, expediente 521/2023 do orzamento para o ano 2023, os/as interesados/as debidamente lexitimados poderán interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

A Pobra do Brollón, 23 de xaneiro de 2024.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0023

SARRIA

Anuncio

Nomeamento funcionarios en prácticas

Mediante decreto nº 2024-0095 de data 24/01/2024, unha vez rematado o pertinente proceso selectivo, nomeouse como funcionarios en prácticas, para ocupar as 3 prazas do corpo de Policía Local, escala básica, categoría de policía, subgrupo C1 do Concello de Sarria a **David Vázquez López** (**522*), **Iván Iglesias García** (**369*) e **Ana Timiraos Fernández** (**485*).

Sarria, 24 de xaneiro de 2024.- Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0226

XOVE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO CONCELLO DE XOVE

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 18.12.2023, aprobou inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove.

No Boletín Oficial da Provincia nº 292 do 22.12.2023 foi publicado o anuncio de aprobación inicial, abríndose un prazo de vinte días hábiles para presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias.

Ao non presentarse reclamacións, enténdese definitivamente aprobada a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove.

Contra a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo poderá interponerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses. Previamente cabe interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acordo no prazo dun mes.

En cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia, publícase o texto íntegro da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove segundo proxecto presente no expediente e que se sintetiza en:

“Proceder á actualización descriptiva dun posto de traballo xa existentes na RPT:

PT 6 - AUX. ADMVO. - SECRETARÍA JUZGADO DE PAZ

Aos efectos de manter a necesaria equidade interna xa exposta anteriormente, proponse de oficio a modificación no mesmo sentido da puntuación asignada ao posto 4, AUX. ADMVO. REXISTRO, pasando por tanto a súa valoración no factor H.- Penosidad, de 25 a 50.

Conclusión:

- PT 6 - AUX. ADMVO. - SECRETARÍA JUZGADO DE PAZ

Grupo/Subgrupo: C2/C1

Nivel de Destino: 17

Complemento Específico, puntos: 500

Posto-Tipo asimilado: Auxiliar Administrativo

Relación laboral proposta: Funcionarial

Forma provisión proposta: Concurso General

Movibilidade Interadministrativa: Sí (abierta)

- PT 4 - AUX. ADMVO. REGISTRO

Grupo/Subgrupo: C2

Nivel de Destino: 16

Complemento Específico, puntos: 475

Posto-Tipo asimilado: Auxiliar Administrativo

Relación laboral proposta: Funcionarial

Forma provisión proposta: Concurso General

Movibilidade Interadministrativa: Sí (abierta)"

Xove, 24 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0227